



EMPREGO E TECIDO EMPRESARIAL

2.1. EMPREGO

2.2. POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO

2.3. DESENVOLVIMENTO DO TECIDO
EMPRESARIAL



EMPREGO E TECIDO EMPRESARIAL

Ao longo do ano 2005 entrou en vigor un cambio metodolóxico en dous das principais fontes estatísticas empregadas para analizar a situación do mercado de traballo: a Enquisa de Poboación Activa (EPA) e a implantación do Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego (SISPE). Entre as consecuencias deste cambio atópase a dificultade de realizar un estudo comparativo co acontecido en anos anteriores, polo que esta análise ten que ser realizada con cautela.

O dinamismo da economía galega trasladouse ao mercado de traballo, onde o número de persoas afiliadas á Seguridade Social medrou en Galicia un 2,8%, catro décimas máis que no ano anterior. Con todo, Galicia, cunha medra só lixeiramente por baixo da do Estado, presenta unha taxa de crecemento do emprego claramente inferior: 4,4% en relación ao ano precedente.

O devandito incremento de afiliacións non se produce en todos os sectores. Dunha banda, a construción e os servizos son os sectores con maior crecemento, cun 4,5% e 4,4%, respectivamente. Este incremento de afiliacións nestes dous sectores compensa a caída producida, un ano máis, no sector primario, e máis concretamente nas actividades agrícolas e gandeiras e na pesca. O emprego nas actividades industriais, consideradas no seu conxunto, permanece practicamente constante en 2005.

Unha foto fixa do mercado laboral galego a partir dos datos da EPA amosa que as súas taxas de actividade e ocupación son inferiores, tanto no caso dos homes coma das mulleres, ás estimadas para o conxunto do Estado. Por contra, e tamén en ámbolos dous sexos, as taxas de desemprego son superiores en Galicia á media española.

A taxa de temporalidade presenta tamén valores superiores á media estatal, acadando a proporción de asalariados con contrato temporal o 34,9%. Este problema da temporalidade agrávase se se ten en conta a duración dos contratos temporais coma o grao de rotación existente. Dunha banda, 46 de cada cen contratos cunha duración concreta teñen unha duración inferior a un mes e outros tanto unha duración entre un e seis meses. Doutra, o número de contratos por persoa asalariada temporal situouse en Galicia en 2,5.

Os datos presentados neste capítulo salientan a elevada importancia relativa do número de parados rexistrados en Galicia no conxunto do Estado: 8,3%. Tras unha caída do 2,7% respecto ao ano anterior, o número de parados rexistrados nas oficinas de emprego situouse en 2005 (media anual calculada a partir dos datos correspondentes aos últimos días de cada mes) nas 172.070 persoas.

Xunto á devandita dificultade relativa na creación de emprego en Galicia, cómpre salientar que no último ano, e a pesar do crecemento económico, anótanse outros signos preocupantes tanto na dirección do número de expedientes de regulación de emprego e de traballadores afectados polos mesmos, coma na medra dos “outros custos non salariais”, onde se atopan tanto ás cotizacións obrigatorias á Seguridade Social como as distintas percepcións non salariais.

Outro aspecto a salientar é o agravamento do problema da sinistralidade laboral, ao medrar o número de accidentes laborais con baixa en xornada de traballo un 1,6% respecto ao ano anterior. Con todo, o índice de incidencia presentou en Galicia unha lixeira caída, situándose a máis de tres puntos da media estatal: 56,9 accidentes por cada mil afiliados a réximes da Seguridade Social con continxencia de accidentes de traballo especificamente cubertos en Galicia fronte aos 60,1 accidentes no conxunto do Estado.

O número de sociedades activas en Galicia a 1 de xaneiro de 2006 ascendeu a 192.642, o 6,0% das sociedades activas en España. En termos relativos, Galicia acolle un total de 69 empresas por cada 1.000 habitantes fronte ás 72 empresas de media en España. Os datos do Rexistro Mercantil indican que o número total de sociedades mercantís constituídas en Galicia ascende en 2005 a 6.223, o que representa o 4,7% das sociedades españolas. En termos relativos, o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes foi de 23,5 sociedades, case oito sociedades menos que no conxunto do Estado. ■

E.I. EMPREGO

Antes de analizar os principais datos do mercado de traballo galego, cómpre salientar que en 2005 entraron en vigor unha serie de cambios en dúas das principais fontes estatísticas de información do mercado de traballo: Enquisa de poboación activa (EPA) e implantación do Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego (SISPE). Estas modificacións implican a dificultade de realizar comparacións cos datos do ano anterior.

No que á implantación do SISPE se refire, o seu obxectivo foi o de superar as carencias de información sobre movementos no mercado de traballo ocasionadas pola descentralización da intermediación laboral pública. Asemade, supón unha oportunidade para impulsar unha avaliación continuada e sistemática dos efectos das políticas activas. Este novo sistema entrou en vigor en maio de 2005, se ben ofrece estimacións retrospectivas para anos anteriores.

Canto á EPA, tralas modificacións derivadas da actualización da base poboacional segundo a estrutura do Censo 2001, a partir do primeiro trimestre de 2005 entrou en vigor un novo cuestionario e un novo sistema de recollida de información nos fogares.

O crecemento da actividade económica galega en 2005 trasladouse ao mercado de traballo, cun incremento do 2,8% das persoas afiliadas á Seguridade Social. Con todo, cómpre salientar que Galicia, cun crecemento do PIB real só lixeiramente por baixo ao do conxunto do Estado (3,3% en Galicia fronte ao 3,4% de media en España), presenta unha medra do emprego claramente inferior: 1,6 puntos porcentuais menos.

Ao igual que en anos anteriores, cómpre salientar o desigual comportamento entre os sectores primarios e os non primarios. No último ano continúa a acusada destrución de emprego no sector primario (especialmente no subsector da “agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados”, permanecendo practicamente constante o emprego do sector industrial.

En 2005, o número de persoas desempregadas situouse (en media anual) en 172.070, o que representa o 8,3% do paro rexistrado en España. Aínda que os datos hai que tomarlos con cautela, o paro rexistrado descendeu en Galicia un 2,7% respecto ao ano anterior (cae un 2,1% en España).

O ano 2005 volve a rexistrar unha medra do número de accidentes laborais con baixa en xornada de traballo, se ben esta medra foi inferior á rexistrada no ano anterior. No último ano, estes accidentes acadaron os 48.041 sinistros. A pesar deste incremento, o índice de incidencia laboral en Galicia situouse máis de tres puntos por baixo da media estatal, acadando os 56,9 accidentes por cada mil afiliacións a reximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta.

DATOS DE EMPREGO DA SEGURIDADE SOCIAL

Tras unha taxa de crecemento anual do 2,8%, o número de traballadores en alta laboral afiliados á Seguridade Social situouse en 2005 nas 997.745 persoas. Coma reflicte o **cadro 1.6.1. [Participación da produción, a poboación e o emprego galego no total español 2000-05]**, a importancia relativa destas afiliacións no total estatal segue coa súa lixeira tendencia descendente, representando no último ano o 5,59% (5,84% no ano 2000).

Traballadores en alta laboral 2004-05⁽¹⁾: distribución segundo réximes

	2004				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Réxime Minería do Carbón	116	116	-	-	-
Réxime Xeral	686.944	292.944	73.325	71.178	249.497
Réxime Especial Agrario	62.208	21.621	22.959	6.562	11.066
Réxime Especial Empregados Fogar	15.310	6.253	2.096	2.349	4.612
Réxime Especial Autónomo	176.686	71.205	22.411	23.217	59.853
Réxime Especial do Mar	29.044	7.324	2.280	-	19.440
Total	970.308	399.463	123.071	103.306	344.468

	2005				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Réxime Minería do Carbón	89	89	-	-	-
Réxime Xeral	711.283	303.066	76.240	72.900	259.077
Réxime Especial Agrario	58.612	20.556	21.741	5.995	10.320
Réxime Especial Empregados Fogar	17.524	7.188	2.375	2.639	5.322
Réxime Especial Autónomo	181.902	73.268	23.091	23.630	61.913
Réxime Especial do Mar	28.335	7.219	2.280	-	18.836
Total	997.745	411.386	125.727	105.164	355.468

	2005/04				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
			(%)		
Réxime Minería do Carbón	-23,3	-23,3			
Réxime Xeral	3,5	3,5	4,0	2,4	3,8
Réxime Especial Agrario	-5,8	-4,9	-5,3	-8,6	-6,7
Réxime Especial Empregados Fogar	14,5	15,0	13,3	12,3	15,4
Réxime Especial Autónomo	3,0	2,9	3,0	1,8	3,4
Réxime Especial do Mar	-2,4	-1,4	0,0		-3,1
Total	2,8	3,0	2,2	1,8	3,2

(1) en medias anuais

Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

2.1.1.

No ano 2005, setenta e un de cada cen traballadores afiliados en alta laboral o estaban no réxime xeral e dezaioito de cada cen o estaba no réxime especial de autónomos. O **cadro 2.1.1.** indica que o número de afiliados no réxime xeral ascendeu a 711.283 persoas, 24.339 afiliados máis que no ano anterior (3,5%), mentres que 181.902 traballadores o estaban ao réxime especial de autónomos, 5.216 afiliados máis (3,0%).

Un ano máis, volve a descender o número de persoas en alta laboral afiliadas ao Réxime Especial Agrario (REA) e ao Réxime Especial do Mar (REM). No primeiro caso, esta redución foi do 5,8% (3.596 traballadores), e no segundo, do 2,4% (709 afiliados), acadando as 58.612 e 28.335 afiliacións, respectivamente. A importancia relativa das afiliacións no REA no volume total de afiliacións galegas reduciuse ata o 5,9% (cinco décimas menos que en 2004) e a do REM ata o 2,8% (dúas décimas inferior á obtida no ano anterior).

O incremento nas afiliacións volve a aumentar en Galicia nas catro provincias. Destas novas afiliacións, 11.923 (o 43,5%) corresponden á provincia de A Coruña, 11.000 a Pontevedra (40,1%), 2.656 afiliacións a Lugo (9,7%) e 1.858 a Ourense (6,8%). Tras estes incrementos, o número de traballadores afiliados en alta laboral na Seguridade Social en A Coruña acadou as 411.386 persoas, os 355.468 traballadores en Pontevedra, e os 125.727 e 105.164 afiliados en Lugo e Ourense, respectivamente.

No que atinxe á distribución sectorial dos traballadores afiliados á Seguridade Social, **cadro 2.1.2.**,

Traballadores afiliados en alta laboral na Seguridade Social 2004-05⁽¹⁾: distribución segundo ramas de actividade

	2004		2005		05/04	
	(número)	(% / total)	(número)	(% / total)	(número)	(%)
Sector primario	97.367	10,0	93.600	9,4	-3.767	-3,9
Agricultura, gandería, caza e act dos servizos relacionados	68.274	7,0	65.163	6,5	-3.111	-4,6
Silvicultura, explotación forestal e act dos servizos relacionados	1.520	0,2	1.675	0,2	155	10,2
Pesca, acuicultura e act. dos servizos relacionados	27.573	2,8	26.762	2,7	-811	-2,9
Industria	164.685	17,0	164.405	16,5	-280	-0,2
Minería enerxética	176	0,0	218	0,0	42	23,9
Minería non enerxética	6.386	0,7	6.383	0,6	-3	0,0
Alimentación	26.055	2,7	26.411	2,6	356	1,4
Téxtil, confección e coiro	19.941	2,1	19.129	1,9	-812	-4,1
Madeira	13.629	1,4	13.579	1,4	-50	-0,4
Papel e edición	7.717	0,8	7.889	0,8	172	2,2
Refinado do petróleo	642	0,1	669	0,1	27	4,2
Química	3.848	0,4	3.831	0,4	-17	-0,4
Caucho e plástico	3.729	0,4	3.679	0,4	-50	-1,3
Produtos minerais non metálicos	12.110	1,2	12.156	1,2	46	0,4
Metalurxia e produtos metálicos	20.947	2,2	21.959	2,2	1.012	4,8
Maquinaria	5.501	0,6	5.546	0,6	45	0,8
Material eléctrico e óptico	6.215	0,6	6.136	0,6	-79	-1,3
Material de transporte	25.768	2,7	24.683	2,5	-1.085	-4,2
Fabricación de mobles	7.042	0,7	7.286	0,7	244	3,5
Reciclaxe	554	0,1	576	0,1	22	4,0
Electricidade, gas, auga	4.425	0,5	4.275	0,4	-150	-3,4
Construción	122.074	12,6	127.522	12,8	5.448	4,5
Servicios	586.186	60,4	612.220	61,4	26.034	4,4
Venda e reparación vehículos, gasoleiras	25.852	2,7	26.303	2,6	451	1,7
Comercio por xunto e interm. agás veh. motor	52.489	5,4	54.399	5,5	1.910	3,6
Comercio polo miúdo agás veh. motor; repar. ef. pers.	103.986	10,7	107.368	10,8	3.382	3,3
Hostalería	59.273	6,1	61.488	6,2	2.215	3,7
Transporte; act. anexas ao transporte e act. axencias viaxe	42.960	4,4	44.193	4,4	1.233	2,9
Correos e telecomunicacións, intermediación financeira	26.285	2,7	26.967	2,7	682	2,6
Actividades inmobiliarias	6.890	0,7	7.525	0,8	635	9,2
Alugueiro maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	2.443	0,3	2.659	0,3	216	8,8
Actividades informáticas e I+D	5.035	0,5	5.714	0,6	679	13,5
Outras actividades empresariais	66.857	6,9	72.113	7,2	5.256	7,9
Adm. pública, defensa nacional e seguridade social	64.370	6,6	65.720	6,6	1.350	2,1
Educación	25.570	2,6	26.559	2,7	989	3,9
Act. sanitarias e veterinarias, servizos sociais; act. saneamento público	51.169	5,3	54.378	5,5	3.209	6,3
Fogares e outros	53.007	5,5	56.834	5,7	3.827	7,2
Total	970.312	100	997.747	100	27.435	2,8

(1) en medias anuais

Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

2.1.2.

ao igual que nos anos anteriores, prodúcese unha medra nos sectores servizos e construción, descendo as afiliacións no sector primario. De xeito similar a 2004, o número de afiliacións no conxunto das ramas industriais mantívose practicamente constante.

Seis de cada dez afiliados á Seguridade Social o están nas actividades pertencentes ao sector servizos. Tras unha medra de 26.034 afiliacións, un 4,4% en relación ao ano anterior, o número persoas afiliadas acadou os 612.220 traballadores. As actividades máis importantes, canto ao número de afiliacións, son as de “comercio polo miúdo agás vehículos de motor”, que acolle o 17,5% das afiliacións do sector, as de “outras actividades empresariais”, cun 11,8% das afiliacións e as de “administración pública, defensa nacional e seguridade social” e hostalería, que acollen o 10,7% e 10,0% dos traballadores afiliados, respectivamente.

O número de persoas afiliadas nas ramas industriais no último ano situouse nas 164.405, 280 afiliación menos que no ano anterior. As actividades máis importantes son as relacionadas coa alimenta-

ción e bebidas e co material de transporte, que representan o 16,1% e o 15,0%, respectivamente, das afiliacións neste sector. Pola súa banda, a construción presenta un 2005 unha medra de case 5.500 afiliacións, situándose nas 127.522 persoas afiliadas (un 4,5% máis que en 2004).

O número de traballadores afiliados á Seguridade Social nas ramas de actividade englobadas no sector primario volveu a descender en 2005, sendo esta caída máis acusada que a rexistrada no ano anterior. As afiliacións neste sector acadaron as 93.600 persoas, 3.767 afiliacións menos que en 2004 (3,9% menos que no ano anterior), das que case o 70% corresponderon ás actividades agrícolas e gandeiras, e un 28,6%, ás actividades pesqueiras. O descenso nas afiliacións no sector prodúcese nestas dúas ramas de actividade, xa que nas actividades de “silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados” volve a incrementarse, moi lixeiramente, o seu número de traballadores afiliados.

EMPREGO SEGUNDO A EPA

A poboación activa galega ascendeu, en media, a 1.254,8 miles de persoas en 2005, o que representa o 6,0% dos activos no conxunto do Estado. Tendo en conta a poboación maior de 16 anos, a taxa de actividade situouse no último ano no 53,0%, máis de catro puntos por baixo da media estatal.

O número de varóns activos ascendeu a 706,7 miles de persoas, o 5,8% dos activos en España, en tanto que o número total de mulleres activas foi de 548,3 miles de persoas (o 6,4% das mulleres activas en España). As taxas de actividade situáronse en Galicia no 62,6% no caso dos homes (máis de seis puntos por baixo da media no conxunto do Estado) e no 44,3%, no caso das mulleres (2,1 puntos por baixo).

A ocupación media estimada en Galicia acadou en 2005 os 1.130,1 miles de persoas, das que 655,9 miles de persoas son homes e 474,1 miles de persoas, mulleres. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 6,0% da poboación ocupada en España, sendo estas porcentaxes do 5,8% no caso dos homes e do 6,3% no das mulleres. Coma reflicte o **cadro 2.1.3.**, a taxa de ocupación en Galicia é inferior, tanto no caso dos homes coma das mulleres, á media estatal.

Canto ás principais características da ocupación en Galicia no ano 2005, os **cadros 2.1.5. e 2.1.6.** indican que o sector servizos acolle o 59,0% dos ocupados, fronte ao 19,2% da industria e en torno ao 11% da construción e as ramas agrarias. Con todo, cómpre salientar que Galicia acolle o 12,1% do total de persoas ocupadas en España no sector primario.

Atendendo á desagregación segundo ramas de actividade, os datos do IGE indican que a poboación ocupada no subsector de “agricultura, gandería, caza e silvicultura” situouse nas 86,6 miles de persoas, en tanto que a ocupación na pesca e piscicultura acendeu a 34,3 miles de persoas. No sector industrial, as ramas máis importantes canto á ocupación se refire son as industrias de produtos alimenticios, bebidas e tabaco e as de fabricación de material de transporte, que acollen un terzo da ocupación industrial (38,5 e 33,8 miles de ocupados, respectivamente). A actividade máis importante do sector servizos polo seu número de ocupados é a correspondente ao comercio por xunto e polo miúdo, que acolle o 21,4% do emprego no sector (142,6 miles de persoas).

Canto á situación profesional dos ocupados, ao longo do ano 2005, o número medio de asalariados en Galicia foi de 840,9 miles de persoas, dos que o 57,9% son homes. No que atinxe aos traballadores por conta propia, este acadou no último ano os 287,6 miles de persoas, dos que 252,4 miles de ocupados son empresarios ou membros de cooperativas, e 35,2 miles corresponden ás axudas familiares. Ao contrario do que acontece no caso dos empresarios ou membros de cooperativas, onde máis do 60% son homes, mais de seis de cada dez persoas con axudas familiares son mulleres.

Tendo en conta a relación entre os ocupados e a poboación maior de 16 anos, a taxa de ocupa-

Poboación maior de 16 anos en Galicia e España 2005: distribución segundo sexo e a súa relación coa actividade económica

Ámbolos dous sexos

	Poboación > 16 anos	Activos	Ocupados	Parados	na procura 1º emprego	Inactivos	Taxa actividade	Taxa ocupación (%)	Taxa paro
Galicia	2.366,0	1.254,8	1.130,1	124,8	19,4	1.111,0	53,0	47,8	9,9
A Coruña	968,9	520,3	469,0	51,3	8,2	448,5	53,7	48,4	9,9
Lugo	311,7	154,8	144,5	10,4	2,2	156,8	49,7	46,4	6,7
Ourense	295,2	138,3	123,8	14,5	2,7	157,0	46,8	41,9	10,5
Pontevedra	790,2	441,4	392,8	48,7	6,3	348,8	55,9	49,7	11,0
España	36.416,0	20.885,7	18.973,3	1.912,5	246,5	15.530,2	57,4	52,1	9,2
Galicia / España	6,5%	6,0%	6,0%	6,5%	7,8%	7,2%			

Varóns

	Poboación > 16 anos	Activos	Ocupados	Parados	na procura 1º emprego	Inactivos	Taxa actividade	Taxa ocupación (%)	Taxa paro
Galicia	1.128,6	706,7	655,9	50,7	5,5	421,9	62,6	58,1	7,2
A Coruña	464,3	287,1	265,3	21,8	3,1	177,2	61,8	57,2	7,6
Lugo	149,5	90,0	85,9	4,2	0,7	59,5	60,2	57,4	4,6
Ourense	137,8	78,2	72,0	6,2	0,4	59,6	56,8	52,3	7,9
Pontevedra	377,1	251,4	232,7	18,6	1,3	125,7	66,7	61,7	7,4
España	17.812,5	12.251,6	11.388,8	862,9	90,0	5.560,8	68,8	63,9	7,0
Galicia / España	6,3%	5,8%	5,8%	5,9%	6,1%	7,6%			

Mulleres

	Poboación > 16 anos	Activos	Ocupados	Parados	na procura 1º emprego	Inactivos	Taxa actividade	Taxa ocupación (%)	Taxa paro
Galicia	1.237,4	548,3	474,2	74,1	13,8	689,1	44,3	38,3	13,5
A Coruña	504,7	233,3	203,7	29,6	5,1	271,4	46,2	40,4	12,7
Lugo	162,1	64,8	58,7	6,2	1,5	97,3	40,0	36,2	9,5
Ourense	157,4	60,1	51,7	8,4	2,3	97,4	38,1	32,8	13,9
Pontevedra	413,2	190,1	160,1	30,0	5,0	223,1	46,0	38,8	15,8
España	18.603,5	8.634,1	7.584,5	1.049,7	156,5	9.969,4	46,4	40,8	12,2
Galicia / España	6,7%	6,4%	6,3%	7,1%	8,8%	6,9%			

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

2.1.3.

ción en Galicia situouse en 2005 no 47,8%, 4,3 puntos porcentuais por baixo da media española. A taxa de ocupación masculina foi do 58,1%, vinte puntos por riba da taxa experimentada no caso das mulleres (63,9% e 40,8% en España, respectivamente). Atendendo á desagregación da poboación ocupada segundo grupos de idade, as taxas de ocupación en Galicia son inferiores ás estimadas para o conxunto do Estado nos cinco grupos considerados. Mentres que a poboación ocupada masculina amosa a mesma característica, a taxa de ocupación das mulleres maiores de cincuenta e cinco anos é superior en Galicia, manténdose no mesmo nivel no caso das mulleres con idades comprendidas entre 25 e 54 anos.

Atendendo á distribución segundo nivel de estudos, o devandito **cadro 2.1.5.** reflicte que en torno a un terzo da poboación ocupada galega presenta un nivel de estudos de educación secundaria (primeira etapa) e que máis de tres de cada dez ocupados posúen educación superior (agás doutoramento). Cómpre salientar que o número de mulleres con estudos superiores é maior ao dos homes, representando o 37,4% das mulleres ocupadas e o 26,6% da poboación ocupada masculina.

As catro provincias galegas presentan, tanto no caso dos homes coma das mulleres, unha taxa de ocupación inferior á media española, rexistrándose a taxa máis elevada en Pontevedra, con 49,7%, e a

Poboación maior de 16 anos en Galicia e España 2005: distribución segundo sexo, idade e a súa relación coa actividade económica

	Galicia			España			Galicia / España		
	Total	Varóns	Mulleres	Total	Varóns	Mulleres	Total	Varóns	Mulleres
Poboación de 16-19 anos									
Total	108,9	55,6	53,3	1.867,4	959,2	908,2	5,8	5,8	5,9
Activos	20,7	12,1	8,7	538,9	326,8	212,1	3,8	3,7	4,1
Ocupados	14,6	9,5	5,1	381,9	246,6	135,2	3,8	3,8	3,8
Parados	6,2	2,6	3,6	157,1	80,2	76,9	3,9	3,2	4,7
na procura 1º emprego	3,6	1,7	1,9	78,7	37,3	41,4	4,5	4,4	4,6
Inactivos	88,1	43,5	44,6	1.328,4	632,3	696,1	6,6	6,9	6,4
Poboación de 20-24 anos									
Total	177,6	90,4	87,2	2.917,5	1.491,0	1.426,5	6,1	6,1	6,1
Activos	113,4	62,3	51,1	1.955,8	1.075,1	880,7	5,8	5,8	5,8
Ocupados	91,4	52,7	38,7	1.622,5	921,1	701,3	5,6	5,7	5,5
Parados	22,0	9,6	12,4	333,4	154,0	179,4	6,6	6,2	6,9
na procura 1º emprego	5,6	2,2	3,5	69,1	24,1	45,0	8,1	8,9	7,7
Inactivos	64,3	28,2	36,1	961,7	415,9	545,7	6,7	6,8	6,6
Poboación de 25-54 anos									
Total	1.193,8	594,1	599,6	19.996,8	10.136,5	9.860,3	6,0	5,9	6,1
Activos	955,6	533,4	422,2	16.168,8	9.364,0	6.804,9	5,9	5,7	6,2
Ocupados	869,3	499,8	369,4	14.877,4	8.812,6	6.064,8	5,8	5,7	6,1
Parados	86,3	33,6	52,8	1.291,4	551,4	740,0	6,7	6,1	7,1
na procura 1º emprego	9,9	1,8	8,1	95,5	28,6	66,9	10,4	6,1	12,1
Inactivos	238,2	60,8	177,4	3.828,0	772,5	3.055,5	6,2	7,9	5,8
Poboación maior de 55 anos									
Total	885,7	388,4	497,3	11.634,4	5.225,8	6.408,5	7,6	7,4	7,8
Activos	165,2	98,9	66,3	2.222,2	1.485,8	736,4	7,4	6,7	9,0
Ocupados	154,8	93,9	60,9	2.091,6	1.408,5	683,1	7,4	6,7	8,9
Parados	10,3	5,0	5,4	130,7	77,4	53,3	7,9	6,4	10,0
na procura 1º emprego	0,4	-	0,4	3,2	0,1	3,1	10,9	-	11,2
Inactivos	720,5	289,5	431,0	9.412,2	3.740,1	5.672,1	7,7	7,7	7,6
Poboación > 16 anos									
Total	2.365,9	1.128,5	1.237,4	36.416,0	17.812,5	18.603,5	6,5	6,3	6,7
Activos	1.254,8	706,6	548,3	20.885,7	12.251,7	8.634,1	6,0	5,8	6,3
Ocupados	1.130,0	655,9	474,1	18.973,3	11.388,8	7.584,4	6,0	5,8	6,3
Parados	124,8	50,7	74,1	1.912,5	862,9	1.049,7	6,5	5,9	7,1
na procura 1º emprego	19,4	5,6	13,9	246,5	90,0	156,5	7,9	6,2	8,9
Inactivos	1.111,1	421,9	689,1	15.530,3	5.560,8	9.969,4	7,2	7,6	6,9

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa; INE, Encuesta de Población Activa

2.1.4.

máis baixa, en Ourense, co 41,9%. No que atinxe á poboación ocupada masculina, Pontevedra ten unha taxa de ocupación do 61,7% fronte ao 52,3% de Ourense, que é a máis baixa. Por contra, no caso das mulleres, a taxa de ocupación máis alta é a estimada en A Coruña, co 40,4%, e a máis baixa segue sendo a de Ourense, co 32,8%.

No concernente ao **desemprego**, o número medio de parados estimado pola EPA para o ano 2005 foi de 124,8 miles de persoas, o 6,5% da poboación parada estimada para o conxunto do Estado. O devandito **cadro 2.1.4.** indica que case sesenta de cada cen parados en Galicia son mulleres, e que a importancia relativa do número de mulleres desempregadas no total estatal ascende ao 7,1% fronte ao 5,9% no caso dos homes.

No ano 2005, un total de 64,4 miles de persoas (o 47,3% da poboación parada en Galicia) atopábanse na procura do seu primeiro emprego ou deixaron o seu derradeiro emprego hai máis dun ano. Comparado co estimado para o conxunto do Estado, estas persoas representan o 7,4% dos parados en España.

O 35,1% da poboación parada en Galicia (47,8 miles de persoas) pertence ao sector servizos. O desemprego medio no sector industrial ascendeu a 12,4 miles de persoas (9,1%) e na construción, a 8,8 miles de traballadores (6,5%). No sector primario, o desemprego medio foi de 2,7 miles de persoas

Poboación ocupada 2005: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, grupos de idade e nivel de formación acadado

	2005		
	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)		
Poboación ocupada	655,9	474,2	1.130,1
Sectores económicos			
Agricultura e pesca	67,8	53,2	120,9
Industria	152,4	65,0	217,4
Construción	118,3	6,7	125,0
Servizos	317,4	349,3	666,7
Situación profesional			
Traballadores por conta propia	168,7	118,9	287,6
Empresarios ou membros cooperativa	154,7	97,7	252,4
Axudas familiares	14,0	21,2	35,2
Asalariados	486,6	354,2	840,9
Outra situación	0,5	1,1	1,5
Grupos de idade			
16-19 anos	9,5	5,1	14,6
20-24 anos	52,7	38,7	91,4
25-54 anos	499,8	369,4	869,3
55 e máis anos	93,9	60,9	154,8
Nivel de formación acadado			
Analfabetos	0,3	0,1	0,4
Educación primaria	99,7	68,5	168,2
Educación secundaria	372,8	237,9	610,7
Primera etapa	244,7	137,1	381,8
Segunda etapa	128,1	100,8	228,9
Formación e inserción laboral con título de secundaria (2ª etapa)	-	0,3	0,3
Educación superior, agás doutorado	174,4	177,3	351,7
Doutorado	3,6	2,6	6,2

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa; INE, Encuesta de Población Activa

2.1.5.

Poboación ocupada e parada en Galicia e España 2005: distribución segundo sector

	Ocupados			Parados		
	Galicia	España	G / E	Galicia	España	G / E
Total	1.130,0	18.973,2	6,0	136,1	2.099,0	6,5
Agricultura e pesca	120,9	1.000,7	12,1	2,7	108,0	2,5
Industria	217,4	3.280,0	6,6	12,4	180,0	6,9
Construción	125,0	2.357,2	5,3	8,8	169,3	5,2
Servizos	666,7	12.335,4	5,4	47,8	771,9	6,2
Na procura 1º emprego ou deixou o seu derradeiro emprego hai máis de 1 ano				64,4	869,8	7,4

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

2.1.6.

(2,0%). Atendendo á súa importancia relativa no total estatal, cómpre salientar que a industria é o único sector que presenta un peso superior ao rexistrado polo conxunto da poboación parada (6,9%).

A taxa de paro situouse en Galicia no 9,9%, sete décimas por riba do estimado de media en España. Coma en anos anteriores, tanto en Galicia coma en España, esta taxa é moito máis elevada na poboación feminina, que presenta unha taxa de paro do 13,5% en Galicia e do 12,2% no conxunto do Estado. Pola conta, os homes presentan unha taxa de paro do 7,2% en Galicia, dúas décimas por riba da media estatal.

Canto á distribución segundo idades, do **cadro 2.1.4.** dedúcese que as taxas de desemprego máis

Asalariados e taxa de temporalidade 2005: distribución segundo sexo, sector e provincia

	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade		
	Sector privado	Sector público	Sector privado	Sector público	Sector privado	Sector público	Sector privado	Sector público	Total
	(en miles de persoas)						(%)		
Galicia	412,3	135,2	245,9	47,7	658,2	182,9	37,4	26,1	34,9
A Coruña	176,6	59,0	104,9	21,9	281,4	80,9	37,3	27,1	35,0
Lugo	47,0	15,8	23,9	6,1	70,9	21,9	33,7	27,8	32,3
Ourense	37,6	19,5	20,6	6,3	58,3	25,9	35,4	24,5	32,0
Pontevedra	151,1	40,9	96,5	13,4	247,6	54,3	39,0	24,6	36,4
Ámbolos dous sexos									
Homes	253,8	69,9	145,3	17,7	399,1	87,6	36,4	20,2	33,5
Mulleres	158,6	65,3	100,5	29,9	259,0	95,2	38,8	31,4	36,8
España	8.187,0	2.146,2	4.451,0	718,0	12.637,9	2.864,2	35,2	25,1	33,3
Homes	5.038,7	1.129,7	2.585,8	271,4	7.624,4	1.401,1	33,9	19,4	31,7
Mulleres	3.148,3	1.016,5	1.865,2	446,6	5.013,5	1.463,1	37,2	30,5	35,7

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

2.1.7.

elevadas corresponderon á poboación nova. Entre as persoas de 16 a 19 anos a taxa de paro acadou o 29,7% e entre os mozos con idades comprendidas entre 20 e 24 anos, o 19,4%. Entre as mulleres, a taxa de paro nestes grupos de idade situouse en 41,5% (vinte puntos por riba da taxa estimada no caso dos homes) e 24,3% (seis puntos por riba), respectivamente.

Se se considera a desagregación da taxa de paro segundo provincias, cómpre salientar que Lugo presenta unha taxa de desemprego inferior á media estatal, tanto no caso dos homes coma das mulleres. Esta situouse no 6,7%, acadando o 4,6% no caso dos homes e do 9,5% no das mulleres. Por contra, as provincias de Pontevedra e Ourense son as que presentan as maiores taxas de desemprego, cun 11,0% e 10,5%, respectivamente. Atendendo ao diferencial entre as taxas de paro masculinas e femininas, o devandito **cadro 2.1.3.** indica que o diferencial máis elevado corresponde a Pontevedra, con 8,4 puntos, en tanto que o máis baixo corresponde a Lugo, con 4,8 puntos.

• Análise da temporalidade

En media anual, a proporción de asalariados con contrato temporal en Galicia situouse no 34,9%, sendo esta porcentaxe dezaseis décimas por riba da media estatal. Mentres que entre os varóns a taxa de temporalidade situouse no 33,5%, case dous puntos por riba da media estatal, entre as mulleres esta taxa acadou o 36,8%, 1,1 puntos porcentuais por riba da media de España.

Atendendo á distribución segundo sectores, o **cadro 2.1.7.** reflicte que, no sector privado, a proporción de asalariados con contrato temporal foi do 37,4%, 2,1 puntos por riba da porcentaxe acadada no conxunto do Estado. No sector público, a taxa de temporalidade ascendeu ata o 26,1%, un punto por riba da estimada no mercado de traballo español.

Tanto en Galicia coma en España, e tanto no sector público coma privado, as mulleres presentan unha taxa de temporalidade superior á dos homes. No sector privado, a taxa feminina de temporalidade acadou en Galicia un valor de 38,8% (2,4 puntos superior á correspondente aos homes); en tanto que no caso do sector público, a proporción de asalariados temporais situouse no 31,4%, máis de once puntos por riba da taxa de temporalidade masculina.

O devandito **cadro 2.1.7.** amosa que Pontevedra é a provincia coa taxa de temporalidade máis elevada, cun 36,4%, en tanto que as máis baixas rexistráronse en Ourense e Lugo, cun 32,0% e 32,3%, respectivamente. Atendendo á distribución segundo sector, as proporcións de asalariados temporais

Indicadores da estratexia europea de emprego 2005

		Galicia	España	UE-25	UE-25. 3 mellores	Obxectivos	
					(%)	2005	2010
Emprego							
Taxa de emprego	(% pob. 15-64 anos)	60,7	63,2	63,6	73,8	67,0	70,0
Taxa emprego mulleres	(% mulleres 15-64 anos)	50,7	51,2	56,2	69,6	57,0	60,0
Taxa de emprego maiores	(% pob. 55-64 anos)	46,8	43,1	42,3	61,9	-	50,0
Desemprego							
Taxa de paro	(% pob. activa)	9,9	9,4	9,1	4,6		
Taxa de paro feminina	(% pob. activa feminina)	13,5	12,3	9,9	4,3		
Taxa de paro novos	(% pob. Activa 15-24 anos)	21,0	20,4	18,7	8,2		
Ratio desemprego novos	(% pob. 15-24)	8,8	9,7	8,3	4,5		
Desemprego longa duración	(% total desemprego)	36,3	24,6	45,5	19,6		
Crecemento PIB real	(%)	3,3	3,4	1,6	9,2	3,0	3,0

(1) Non hai obxectivo cuantitativo sobre desemprego, pero si lograr unha taxa "ficcional" en 2010. A Comisión Europea usa habitualmente como referencia dos tres mellores resultados por países.
Fonte: IGE e Eurostat

2.1.8.

máis elevadas rexistráronse, no caso do sector privado, en Pontevedra, cun 39,0%, en tanto que no caso do sector público, a proporción máis elevada produciuse en Lugo, cun 27,8%.

• Estratexia europea de emprego

Dado que a avaliación intermedia da Estratexia de Lisboa amosou peores resultados dos esperados, en marzo de 2005 aprobáronse novas directrices co obxectivo de relanzar e redirixir a estratexia europea de emprego. Os seus principais obxectivos son os de creación de emprego, incrementar a calidade dos postos de traballo e fomentar a medra da produtividade. Entre as liñas básicas de actuación están as de atraer máis persoas á vida laboral e modernizar o sistema de protección social, mellorar a adaptabilidade dos traballadores e empresas, incrementar a flexibilidade e incrementar o investimento en educación.

Os datos do **cadro 2.1.8.** reflicten que, en relación aos obxectivos intermedios para o ano 2005, Galicia sitúase máis de seis puntos por baixo. A taxa de emprego galego ascendeu no último ano a ta o 60,7% e a taxa de emprego feminino situouse no 50,7%. Comparado co total estatal e europeo, mentres que Galicia presenta taxas de emprego totais e femininas inferiores, no caso da taxa de emprego correspondente ás persoas maiores, a taxa de emprego galega é 3,7 puntos superior á media española e 4,5 puntos superior á media dos vinte e cinco países da UE.

No que ao desemprego se refire, a estratexia europea de emprego non establece un obxectivo cuantitativo, pero si lograr unha taxa "ficcional" en 2010, entendida como o promedio dos tres mellores resultados por países. Neste sentido, Galicia presenta taxas de paro moi superiores ao devandito promedio, sendo este diferencial especialmente significativo no caso das taxas de paro dos novos (case trece puntos por riba) e das mulleres (máis de nove puntos superior).

DATOS REXISTRADOS NAS OFICINAS DE EMPREGO DA XUNTA E DO INEM

Ao longo do ano 2005, o **paro rexistrado** en Galicia descendeu (en media anual) en case cinco mil persoas, acadando as 172.070 persoas desempregadas (o 8,3% do paro rexistrado de media en España).

A devandita caída do desemprego rexistrouse nas catro provincias galegas, presentando A Coruña

Paro rexistrado en Galicia e España 2004-05 (1): distribución segundo sectores económicos

2004						
	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior	Total
(en miles de persoas)						
Galicia	4.895	28.402	19.475	95.642	28.454	176.868
A Coruña	1.680	11.261	8.467	39.007	12.053	72.467
Lugo	481	1.972	2.322	10.815	2.654	18.243
Ourense	535	3.419	2.818	11.408	3.310	21.489
Pontevedra	2.200	11.751	5.869	34.412	10.438	64.669
España	51.508	303.361	236.608	1.264.493	257.748	2.113.718
Galicia / España (%)	9,5	9,4	8,2	7,6	11,0	8,4

2005						
	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior	Total
(en miles de persoas)						
Galicia	4.938	27.602	18.896	95.293	25.342	172.070
A Coruña	1.699	10.852	8.147	38.607	10.339	69.643
Lugo	498	1.900	2.122	10.326	2.534	17.380
Ourense	536	3.520	2.741	11.413	3.067	21.278
Pontevedra	2.205	11.330	5.886	34.947	9.402	63.769
España	59.353	298.567	231.438	1.254.848	225.648	2.069.854
Galicia / España (%)	8,3	9,2	8,2	7,6	11,2	8,3

(1) medias anuais

(2) Tendo en conta o cambio metodolóxico aplicado dende maio de 2005, os datos do ano 2004 e dos catro primeiros meses de 2005 son simulados

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INEM

2.1.9.

unha caída 2.824 persoas respecto aos datos do ano precedente. A pesar deste descenso, esta provincia segue sendo a que acolle o maior número de parados rexistrados, con 69.643 persoas. O número de desempregados rexistrados en Pontevedra, tras un descenso de 900 persoas (1,4%), situouse en 63.769. A provincia de Lugo é a que presenta o maior descenso en termos relativos, cunha caída do 4,7% respecto ao ano anterior, acadando os 17.380 parados en 2005. O número de parados rexistrados en Ourense foi de 21.278 persoas, 211 menos que no ano 2004.

Atendendo á distribución sectorial, o sector servizos acolle a máis da metade dos desempregados rexistrados en Galicia (o 55,4%), fronte ao 16,0% do sector industrial, sendo estas porcentaxes do 60,6% e 14,4%, respectivamente, no conxunto do Estado. Asemade, cómpre salientar o diferente peso relativo do colectivo “sen emprego anterior”, que, tras unha caída tanto en Galicia coma no conxunto do Estado, representa o 14,7% dos desempregados rexistrados en Galicia fronte ao 10,9% en España.

O **cadro 2.1.9.** reflicte que a devandita redución do paro rexistrado rexistrouse en todos os sectores económicos agás no sector primario, onde permanece practicamente igual (42 desempregados rexistrados máis). As catro provincias galegas presentan unha caída do número de desempregados no caso do colectivo sen emprego anterior, así coma unha medra do desemprego agrario. Por contra, mentres que os sectores non primarios experimentan en A Coruña e Lugo un descenso do número de desempregados, en Ourense esta caída rexístrase no sector da construción e en Pontevedra, no sector industrial.

O número medio de **demandas de emprego** rexistradas nas oficinas do INEM en 2005 situouse, en media anual calculada a partir dos datos correspondentes aos doce meses do ano, nos 220.531 demandantes, un 3,3% inferior (7.557 demandas menos) ás rexistradas no ano precedente. Destas, 172.070 persoas son demandantes parados (un 2,7% menos que no ano 2004) e 48.671 persoas, demandantes

Demandas de emprego rexistradas en Galicia e España 2004-05

	2004			2005			04/05	
	Galicia	España	G / E	Galicia	España	G / E	Galicia	España
			(%)			(%)		(%)
Demandas emprego pendentes	228.108	3.127.728	7,3	220.531	3.036.911	7,3	-3,3	-2,9
Demandantes non parados	51.240	1.014.010	5,1	48.461	967.025	5,0	-5,4	-4,6
Disponibilidade limitada	15.050	170.124	8,8	11.723	106.750	11,0	-22,1	-37,3
Con relación laboral	1.129	42.882	2,6	1.269	53.393	2,4	12,4	24,5
TEAS		188.839	-		193.324	-		2,4
D. ocupados	21.934	427.830	5,1	24.275	460.089	5,3	10,7	7,5
D. empregos específicos	35	763	4,6	443	12.299	3,6	1.157,7	1.511,5
Outros	13.092	183.573	7,1	10.752	141.170	7,6	-17,9	-23,1
Paro rexistrado	176.868	2.113.718	8,4	172.070	2.069.854	8,3	-2,7	-2,1
Demandantes emprego non ocupados	189.960	2.486.129	7,6	182.822	2.404.348	7,6	-3,8	-3,3

(1) En medias anuais. Calculadas coma a media dos datos correspondentes a cada un dos meses do ano
Fonte: INEM

2.1.10.

non parados (descende un 5,4% en relación ao ano anterior). Coma indica o **cadro 2.1.10.**, o número de demandantes de emprego non ocupados (DENOs) descendeu en 2005 un 3,8%, para situarse nos 182.822 demandantes.

O número total de **contratos rexistrados** en Galicia (incluídas as conversións de contratos en indefinidos) ascendeu no último ano a 791.228, o que representa o 4,6% dos contratos rexistrados no conxunto do Estado. Destas contratacións, 756.758 corresponden a contratos iniciais (o 4,6% dos rexistrados en España) e os restantes 34.470 contratos, a contratos convertidos en indefinidos (o 4,9% das conversións estatais). Comparado co ano anterior, o número total de contratos medrou un 3,3% (25.205 contratos), sendo esta porcentaxe do 3,2% no caso dos contratos iniciais (23.747 contratos máis) e do 4,4% (1.458 contratos) no caso dos contratos convertidos en indefinidos.

No caso dos contratos iniciais, o número total de contratos indefinidos medrou tanto no caso dos homes coma das mulleres. O número total de contratos ascendeu a 35.390 (un 13,3% máis que no ano anterior), dos que 20.533 contratos (un 16,6% máis que no ano precedente) corresponderon aos homes, e 14.857 contratos (un 9,1% máis que en 2004), a mulleres. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 4,2% destes contratos, sendo esta porcentaxe do 4,7% no caso dos homes e do 3,7% no das mulleres.

O número de contratos de duración temporal rexistrou no último ano unha medra do 2,8% (19.590 contratos máis), para acadar os 721.368 contratos, dos que 387.581 foron asinados por homes. A importancia relativa destes contratos no total estatal ascende o 4,6%, sendo do 4,5% e 4,8% no caso dos homes e das mulleres. O **cadro 2.1.11.** reflicte que os contratos eventuais segundo circunstancias da produción e os de obra ou servizo seguen a ser o tipo de contratos máis numeroso en Galicia, ao acoller o 43,3% e 40,3% dos contratos de duración temporal, respectivamente.

Coma ven sendo habitual nos últimos anos, os homes, como norma xeral, asinan un maior número de contratos que as mulleres, agás no caso dos contratos indefinidos de fomento de emprego, nos de interinidade, nos temporais de inserción e en “outros contratos”. Do total dos contratos de traballo rexistrados, o 54,1% dos mesmos foron asinados por homes, e no caso das excepcións mencionadas, as porcentaxes de contratos asinados por mulleres son do 71,9% se se fala dos contratos de interinidade, do 65,9%, nos contratos indefinidos de fomento de emprego, e do 59,5% no caso dos contratos de inserción.

Canto á duración dos contratos temporais, o **cadro 2.1.12.** indica que, por mor do peso dos contratos por obra ou servizo determinado, o 40,7% dos mesmos son contratos cunha duración indetermi-

Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos en Galicia e España 2005: distribución segundo tipo de contrato

	Galicia			España		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
(en miles de persoas)						
Contratos de duración indefinida	20.533	14.857	35.390	439.385	403.370	842.755
Indefinido ordinario	15.398	5.509	20.907	343.782	203.667	547.449
Indefinido de fomento de emprego	4.732	9.149	13.881	88.953	196.332	285.285
Indefinido minusválidos	403	199	602	6.650	3.371	10.021
Contratos de duración temporal	387.581	333.787	721.368	8.650.828	6.971.300	15.622.128
Obra ou servizo	178.436	111.475	289.911	4.227.964	2.173.205	6.401.169
Eventual segundo circunstancias da produción	161.031	151.041	312.072	3.834.291	3.653.368	7.487.659
Interinidade	18.414	47.078	65.492	353.527	960.922	1.314.449
Temporais para minusválidos	490	209	699	8.658	3.988	12.646
Temporais de inserción	319	468	787	1.685	3.284	4.969
Relevo	940	350	1.290	16.396	6.355	22.751
Xubilación parcial	1.112	153	1.265	18.138	3.094	21.232
C. de substitución por xubilación ós 64 anos	38	20	58	1.135	562	1.697
Contrato en prácticas	3.605	3.592	7.197	42.528	43.049	85.577
Contrato para a formación	8.686	4.617	13.303	76.241	44.343	120.584
Outros contratos	14.510	14.784	29.294	70.265	79.130	149.395
Contratos convertidos en indefinidos	19.656	14.814	34.470	405.017	295.066	700.083
Total contratos	427.770	363.458	791.228	9.495.230	7.669.736	17.164.966

Fonte: INEM

2.1.11.
Contratos de traballo de duración temporal 2005

	< 1 mes	de 1 a 6 meses	6 a 12 meses	> de 12 meses	Subtotal	Indeterm.	Total
Por obra ou servizo determinado	21.216	14.864	9.292	1.000	46.372	243.539	289.911
Eventuais por circunstancias produción	142.119	157.211	12.742	-	312.072	-	312.072
Interinidade	23.483	7.589	468	71	31.611	33.881	65.492
Temporais para minusválidos	-	-	677	22	699	-	699
De inserción	43	209	526	9	787	-	787
De relevo	5	10	21	1.254	1.290	-	1.290
Xubilación Parcial	2	6	15	1.199	1.222	43	1.265
Substitución xub. 64 anos	-	-	52	6	58	-	58
Prácticas	-	3.117	3.878	202	7.197	-	7.197
Formación lei 63/97	-	11.930	1.257	116	13.303	-	13.303
Outros	12.612	516	527	37	13.692	15.602	29.294
Total	199.480	195.452	29.455	3.916	428.303	293.835	721.368
% / total	27,7	27,1	4,1	0,5	59,4	40,7	100

Fonte: INEM

2.1.12.

nada. Se consideramos tan só os contratos cunha duración concreta, cómpre salientar que o 46,6% dos mesmos teñen unha duración inferior a un mes, e un 45,6% unha duración entre un e seis meses. Tan só un 0,9% dos contratos temporais de duración determinada teñen unha duración superior a un ano.

No concernente á distribución dos contratos rexistrados segundo sectores e ramas de actividade, salienta o volume de contratacións pertencentes á rama de “actividades inmobiliarias e de alugueiro, servizos empresariais”, con 184.059 contratos (o 24,3% do total de contratos galegos), así como as pertencentes á construción, con 94.204 contratos (o 12,4%), ao “comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, e artigos persoais e de uso doméstico”, con 82.249 contratos (10,9%), e os pertencentes á industria manufacturera, con 81.037 contratos (10,7%).

Contratos de trabajo en Galicia e España 2005: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		G/E
		(% / total)		(% / total)	(%)
Sector primario	21.399	2,8	1.779.750	10,8	1,2
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	9.734	1,3	1.754.755	10,7	0,6
Pesca	11.665	1,5	24.995	0,2	46,7
Industria	84.550	11,2	1.151.514	7,0	7,3
Industrias extractivas	2.824	0,4	16.550	0,1	17,1
Industria manufacturera	81.037	10,7	1.115.342	6,8	7,3
Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	689	0,1	19.622	0,1	3,5
Construción	94.204	12,4	2.584.609	15,7	3,6
Servizos	556.605	73,6	10.949.009	66,5	5,1
Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, e artigos persoais e de uso doméstico	82.249	10,9	1.688.598	10,3	4,9
Hostalería	66.810	8,8	1.499.297	9,1	4,5
Transporte, almacenamento e comunicacións	67.972	9,0	785.255	4,8	8,7
Intermediación financeira	4.012	0,5	88.663	0,5	4,5
Actividades inmobiliarias	184.059	24,3	4.340.711	26,4	4,2
Administración Pública, Defensa e Seguridade Social Obligatoria	21.736	2,9	468.952	2,8	4,6
Educación	18.485	2,4	393.524	2,4	4,7
Actividades sanitarias e veterinarias. servizos Sociais	47.506	6,3	725.850	4,4	6,5
Outras actividades sociais e de servizos prestados á Comunidade. servizos persoais	63.409	8,4	932.487	5,7	6,8
Fogares que empregan persoal doméstico	362	0,0	25.240	0,2	1,4
Organismos extraterritoriais	5	0,0	432	0,0	1,2
Total	756.758	100	16.464.882	100	4,6

Fonte: INEM

2.1.13.

Atendendo á importancia relativa das contratacións galegas no total estatal, cómpre salientar o peso relativo da rama pesqueira, que representa o 46,7% das contratacións españolas nesta rama, así como as rexistradas no caso das industrias extractivas e no transporte, almacenamento e comunicacións, co 17,1% e o 8,7%, respectivamente.

Coma é normal, a meirande parte dos contratos iniciais rexístranse a nome das persoas máis novas, de tal xeito que os menores de trinta anos asinaron en Galicia o 51,4% dos contratos en 2005 (50,0% no conxunto do Estado). Atendendo á desagregación segundo modalidade de traballo, os menores de 30 anos asinan o 35,1% dos contratos indefinidos (40,9% no conxunto do Estado), sendo estas porcentaxes do 52,1% no caso dos contratos dunha duración temporal (50,4% de media en España). Mentres que en Galicia o peso relativo dos contratos de duración indefinida no total de contratos iniciais en 2005 é do 4,5% (4,9% no conxunto do Estado), no caso das persoas menores de trinta anos esta porcentaxe redúcese ata o 3,1% (4,0% en España).

EMPRESAS DE TRABAJO TEMPORAL

O número de **empresas de traballo temporal** cun centro de traballo en Galicia mantense en 2005 nas 31 empresas (o 4,0% do total de empresas de traballo temporal a nivel estatal), medrando os contratos de posta a disposición a 87.619 (3.078 contratos máis que en 2004), que representan o 3,7% dos contratos rexistrados no conxunto do Estado.

Atendendo á desagregación segundo provincias, A Coruña e Pontevedra acollen en conxunto o 88,6% dos contratos galegos (case trinta e nove mil contratos cada unha). Comparado co ano anterior, o **cadro 2.1.14.** reflicte que a medra no número de contratos ven motivada polo incremento en A Coruña e Pontevedra, que compensa a caída dos contratos en Ourense e Lugo.

Empresas de trabajo temporal e contratos de posta a disposición nas CC.AA. 2004-05 ⁽¹⁾

	2004		2005		05/04	
	ETTs	contratos	ETTs	contratos	ETTs	contratos
Andalucía	67	200.999	75	212.689	8	11.690
Aragón	31	59.874	33	63.135	2	3.261
Asturias	22	24.114	24	27.960	2	3.846
Baleares	21	22.534	20	24.470	-1	1.936
Canarias	30	66.857	31	84.320	1	17.463
Cantabria	16	22.210	16	27.370	0	5.160
Castela - A Mancha	25	52.700	28	62.968	3	10.268
Castela e León	34	111.211	33	118.562	-1	7.351
Cataluña	114	505.699	124	507.294	10	1.595
C. Valenciana	68	258.261	74	270.143	6	11.882
Extremadura	10	9.740	10	9.963	0	223
Galicia	31	84.541	31	87.619	0	3.078
A Coruña		36.316		38.826		2.510
Lugo		5.475		5.269		-206
Ourense		5.499		4.746		-753
Pontevedra		37.251		38.778		1.527
Madrid	127	401.791	123	451.708	-4	49.917
Murcia	44	165.584	49	159.822	5	-5.762
Navarra	26	38.419	29	43.362	3	4.943
País Vasco	46	165.487	46	173.188	0	7.701
Rioxa	16	19.399	17	19.608	1	209
Ceuta e Melilla	5	57	4	-	-1	-
Total	733	2.209.477	767	2.344.181	34	134.704

(1) ETTs con autorización a 31 de decembro de cada ano segundo C.A. de ubicación dos seus centros de traballo
Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Boletín de estadísticas laborales

2.1.14.
CONDICIÓN DE TRABAJO

Este último apartado da análise do mercado de traballo estrutúrase en dous grandes apartados nos que se presentan os datos da sinistralidade laboral e cuestións relacionadas coas relacións laborais como a negociación colectiva, a regulación do emprego ou a conflictividade laboral.

O número total de **accidentes de traballo** con baixa en xornada de traballo rexistrado en Galicia no ano 2005 medrou un 1,6% en relación ao ano anterior, acadando os 48.041 sinistros. A provincia de Pontevedra, a pesar do descenso do 0,8% rexistrado no último ano, volve a rexistrar o maior número de accidentes con baixa en xornada de traballo, con 19.987 casos (o 41,6%), seguida de A Coruña, con 19.518 accidentes (o 40,6%). Lugo foi a provincia que experimentou o maior incremento relativo, cun 8,9%, en tanto que a medra en A Coruña e Ourense situouse por riba do 2%.

A meirande parte dos accidentes laborais con baixa foron accidentes leves (46.937 accidentes), mentres que tan só un 2,1% e 0,2%, respectivamente, foron catalogados coma graves e mortais. A diferenza do acontecido no ano anterior, rexistrouse tanto unha medra do número de accidentes mortais en Galicia, con 17 accidentes máis (19,8%), coma un descenso do número de accidentes graves, con 76 accidentes menos (un 7,1%). Pola contra, volve a incrementarse o número de accidentes leves, con 817 accidentes máis (1,7%).

Tal coma reflicte o devandito **cadro 2.1.15.**, a provincia de Lugo é a única que presenta unha medra nos tres tipos de gravidade considerados. Mentres que o incremento dos accidentes mortais prodúcese nas catro provincias galegas, os graves descenden en A Coruña e Ourense, en tanto que o número de accidentes leves redúcese tan só en Pontevedra.

Atendendo á distribución sectorial, o sector servizos foi o que acolleu o maior número de accidentes laborais con 16.550 accidentes (o 34,4% dos accidentes en Galicia no último ano), seguido do sec-

Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2004-05: distribución segundo a gravidade, provincias e sectores económicos

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2004	2005	05/04 (%)	2004	2005	05/04 (%)	2004	2005	05/04 (%)	2004	2005	05/04 (%)
A Coruña	18.573	19.116	2,9	447	367	-17,9	31	35	12,9	19.051	19.518	2,5
Lugo	4.023	4.373	8,7	128	142	10,9	14	20	42,9	4.165	4.535	8,9
Ourense	3.806	3.922	3,0	103	72	-30,1	4	7	75,0	3.913	4.001	2,2
Pontevedra	19.718	19.526	-1,0	399	420	5,3	37	41	10,8	20.154	19.987	-0,8
Agricultura	1.359	1.438	5,5	127	113	-11,0	4	1	-75,0	1.490	1.552	4,2
Pesca	1.930	1.791	-7,8	111	101	-9,0	22	17	-22,7	2.063	1.909	-7,5
Industria	15.256	15.233	-0,2	256	260	1,6	16	29	81,3	15.528	15.522	0,0
Construción	11.840	12.205	3,0	302	276	-8,6	17	27	58,8	12.159	12.508	2,9
Servizos	15.735	16.270	3,3	281	251	-10,7	27	29	7,4	16.043	16.550	3,2
Total	46.120	46.937	1,7	1.077	1.001	-7,1	86	103	19,8	47.283	48.041	1,6

Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais

2.1.15.

tor industrial, con 15.522 accidentes (o 32,3%) e o da construción, con 12.508 accidentes (26,0%). Os subsectores agrícola e pesqueiro experimentaron, en conxunto, un total de 3.461 accidentes (1.909 na mar e 1.552 na agricultura), o que representa o 7,2% dos accidentes con baixa en xornada de traballo.

En relación ao ano anterior hai que destacar, dunha banda, que o sector pesqueiro foi o único que presentou en 2005 unha caída no número de accidentes (7,5% respecto aos accidentes de 2004). Doutra, que a agricultura, os servizos e a construción presentan un incremento da sinistralidade, en tanto que o sector industrial mantén constante o seu volume de accidentes con baixa. En termos relativos, a agricultura é o sector que experimenta o maior crecemento de accidentes laborais, cun 4,2%, mentres que en termos absolutos, os servizos presentan un incremento de 507 accidentes.

Considerando os diferentes tipos de accidentes, o devandito **cadro 2.1.15.** indica que, a diferenza do acontecido en 2004, a pesca presenta un descenso nos tres tipos de accidentes: leves, graves e mortais. Asemade, os accidentes mortais descenden nos sectores agrarios e os accidentes graves descenden en tódolos sectores agás no industrial.

No concernente ao **índice de incidencia** da sinistralidade laboral, que relaciona os accidentes en xornada de traballo con baixa co número medio afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, este acadou en Galicia os 56,9 accidentes por cada mil traballadores afiliados, máis de tres puntos por baixo da media estatal. Comparado co resto das comunidades autónomas, o **cadro 2.1.16.** indica que Galicia sitúase como a quinta comunidade co maior índice, tras Extremadura, Aragón, Cantabria e Madrid.

Atendendo á distribución provincial, Pontevedra segue sendo a provincia co índice máis elevado, con 65,8 accidentes por 1.000 afiliacións, fronte aos 54,7 accidentes de A Coruña, e 44,2 e 49,7 accidentes por cada mil afiliacións en Lugo e Ourense, respectivamente.

No caso dos accidentes mortais, Galicia rexistrou un total de 10,9 accidentes por cada cen mil medio afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, sendo este índice de incidencia de 6,3 accidentes no conxunto do Estado. No ano 2005, tan só A Rioxa presenta un índice de incidencia máis elevado que Galicia, con 13,7 accidentes por cada 100.000 afiliados.

As catro provincias galegas presentan un índice de incidencia superior á media estatal. Cómpre

Índices de incidencia e frecuencia nas CC.AA. 2004-05 ⁽¹⁾

	Índice de incidencia (1)		Índice de frecuencia (2)	
	2004	2005	2004	2005
Andalucía	62,9	62,7	37,4	37,8
Aragón	51,6	50,9	31,1	30,9
Asturias	63,0	60,2	37,0	36,0
Baleares	76,6	77,0	45,5	46,2
Canarias	71,2	69,0	42,2	41,0
Cantabria	57,4	54,7	34,1	32,7
Castela-A Mancha	75,2	77,5	44,5	45,6
Castela e León	58,7	57,3	35,2	34,4
Cataluña	61,3	58,2	37,4	35,7
C. Valenciana	66,6	62,8	40,4	38,1
Extremadura	50,1	48,9	29,0	28,6
Galicia	57,6	56,9	33,5	33,5
A Coruña	55,0	54,7		
Lugo	42,3	44,2		
Ourense	50,7	49,7		
Pontevedra	67,9	65,8		
Madrid	55,0	55,1	33,2	33,5
Murcia	57,3	57,8	34,2	34,5
Navarra	59,6	57,2	36,6	35,3
País Vasco	62,2	61,6	39,2	38,8
Rioxa (A)	56,7	57,3	33,8	35,1
Total	61,4	60,1	36,3	35,9

(1) Índice de incidencia: accidentes x 1.000 afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

(2) Índice de frecuencia: accidentes x 10.000 horas traballadas

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

2.1.16.

salientar o elevado índice rexistrado en Pontevedra, con 13,4 accidentes mortais por cada cen mil afiliados, seguido por A Coruña, con 9,8 accidentes mortais. En Lugo e Ourense os índices situáronse nos 8,8 e 8,7 accidentes por cada cen mil persoas afiliadas.

O índice de frecuencia, que mide o número de accidentes por cada 10.000 horas traballadas, permanece constante ao longo do ano 2005 nos 33,5 accidentes. A diferenza do índice de incidencia, este segue sendo inferior á media estatal.

O número de **convenios colectivos** –vixentes ou prorrogados tacitamente– existentes en Galicia a 31 de decembro do ano 2005 descendeu ata os 689, dos que o 82,0% (565 convenios) corresponde a convenios empresa. Comparado co ano anterior, rexístrase unha caída no número total de convenios a nivel de empresa (24 convenios menos) en tanto que permanece igual o número dos convenios de sector.

O número de convenios colectivos negociados e/ou revisados en 2005 ascendeu a 272 (218 convenios asinados e 54 revisados), que afectaron a un total de 300.621 traballadores. No último ano, o número de convenios negociados por primeira vez foi de 28 (nove menos que en 2004) e os traballadores afectados foron 1.406 (2.387 traballadores menos que no ano anterior).

O 4,8% destes convenios negociados e/ou revisados en 2005 teñen un ámbito de aplicación superior ao provincial. No resto dos convenios, a provincia de Pontevedra é a que concentra o maior número de convenios, ao acoller o 33,1% dos convenios, en tanto que A Coruña sitúase coma a provincia co maior número de traballadores afectados, ao acoller o 43,5% dos traballadores.

Estructura global da negociación colectiva galega 2004-05

	C.Autónoma/ Interprovincias C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total (1)
2004						
Sector	13	34	23	20	34	124
Empresa	47	182	55	64	241	589
Total	60	216	78	84	275	713
2005						
Sector	13	34	23	20	34	124
Empresa	41	186	62	55	221	565
Total	54	220	85	75	255	689

(1) neste cómputo contabilízanse convenios colectivos e acordos reguladores

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, Informe sobre a negociación colectiva galega

2.1.17.

Convenios colectivos e revisións salariais negociados con efectos para 2004-05

	Convenios renovados		Revisións salariais		Negociados por 1ª vez		Total	
	nº	Traballadores	nº	Traballadores	nº	Traballadores	nº	Traballadores
2004								
Sector	53	179.521	21	92.114	1	2.420	75	274.055
Empresa	121	22.308	26	3.695	36	1.373	183	27.376
Total	174	201.829	47	95.809	37	3.793	258	301.431
2005								
Sector	50	189.207	33	95.493	-	-	83	284.700
Empresa	140	12.653	21	1.862	28	1.406	189	15.921
Total	190	201.860	54	97.355	28	1.406	272	300.621

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, Informe sobre a negociación colectiva galega

2.1.18.

Os 83 convenios de sector afectan a 284.700 traballadores, o que significa que o 30,5% dos convenios afectan ao 94,7% dos traballadores. Neste tipo de convenios, o sector servizos é o que acolle o maior número de traballadores, co 41,3%, seguido pola construción, co 36,0%. No caso dos convenios a nivel empresa, o **cadro 2.1.18.** indica que a industria acolle o 56,6% dos traballadores afectados e os servizos un 42,5%.

Se se ten en conta, ademais dos convenios rexistrados en 2005, os rexistrados anteriormente pero con vixencia expresa neste último ano, son un total de 420 convenios (91 de sector e 329 de empresa) os que teñen efectos para o ano 2005. O número de traballadores afectados foi de 337.055 dos que 297.683 traballadores están afectados por convenios a nivel sector.

Atendendo ao ámbito territorial de aplicación, o 7,1% dos convenios con vixencia expresa para 2005 foron de ámbito superior ao da provincia. A provincia de Pontevedra é a que acolle o maior número de convenios, con 161 (o 38,3%), e o maior número de traballadores afectados, con 140.363 (o 41,6%). Séguelle A Coruña, que rexistra un total de 117 convenios (o 27,9%) que afectan a 135.134 traballadores (o 40,1%).

O incremento salarial medio pactado nos 272 convenios asinados ou revisados en 2005 –calculado en base ao incremento salarial en porcentaxe indicado nos convenio e tendo en conta as cláusulas de revisión salarial pactadas nos convenios asinados e revisados en 2005– foi de 4,37%, (3,93% no ano anterior), sete décimas superior ao IPC galego, que foi do 3,7%.

A **xornada media efectiva** por traballador en Galicia descendeu en 2005 dende as 1.671 horas de

Traballadores e empresas afectados por convenios colectivos e revisións salariais de grupo de empresas, empresas ou ámbitos inferiores á empresa, e de sector negociados con efectos para 2005

Empresas

	C/Autónoma/ Interprov.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total	
	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.
Agricultura	-	-	62	5	28	1	-	-	-	-	90	6
Industria	480	5	1.240	13	1.821	11	995	12	4.474	30	9.010	71
Construción	-	-	-	-	-	-	49	1	-	-	49	1
Servizos	185	3	2.322	38	529	16	1.056	16	2.680	40	6.772	113
Total	665	8	3.624	56	2.378	28	2.100	29	7.154	70	15.921	191

Sector

	C/Autónoma/ Interprov.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total	
	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.
Agricultura	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Industria	175	52	22.005	2.650	5.067	1.750	8.345	678	28.875	4.667	64.467	9.797
Construción	-	-	43.800	3.650	8.618	903	8.200	660	42.000	4.000	102.618	9.213
Servizos	4.695	410	61.265	8.285	5.461	2.102	8.805	2.161	37.389	11.573	117.615	24.531
Total	4.870	462	127.070	14.585	19.146	4.755	25.350	3.499	108.264	20.240	284.700	43.541

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, Informe sobre a negociación colectiva galega

Xornada media efectiva por traballador 2004-05 nas CC.AA.: distribución segundo sector de actividade

	2004				2005			
	Industria	Construcción	Servizos	Total	Industria	Construcción	Servizos	Total
	(horas / ano)							
Andalucía	1.681,9	1.781,8	1.625,7	1.662,4	1.651,2	1.687,8	1.777,9	1.608,4
Aragón	1.712,1	1.755,4	1.568,7	1.631,3	1.624,7	1.695,1	1.750,8	1.565,8
Asturias	1.638,3	1.779,9	1.575,6	1.617,1	1.615,7	1.645,5	1.777,1	1.572,1
Baleares	1.713,6	1.787,5	1.655,1	1.680,7	1.663,5	1.707,8	1.740,0	1.641,1
Canarias	1.741,5	1.771,3	1.668,8	1.690,0	1.682,1	1.737,1	1.774,5	1.657,5
Cantabria	1.706,9	1.758,8	1.583,2	1.640,1	1.639,2	1.708,0	1.743,7	1.587,3
Castela-A Mancha	1.747,2	1.786,5	1.583,3	1.665,2	1.669,1	1.738,8	1.781,1	1.595,5
Castela e León	1.682,3	1.761,7	1.561,8	1.620,9	1.618,6	1.687,0	1.748,5	1.560,3
Cataluña	1.688,6	1.731,2	1.596,0	1.632,8	1.625,9	1.689,3	1.742,3	1.585,0
Comunidade Valenciana	1.714,8	1.750,8	1.599,8	1.649,8	1.640,5	1.699,2	1.741,7	1.593,8
Extremadura	1.686,1	1.790,5	1.592,0	1.644,5	1.637,5	1.702,4	1.803,3	1.574,1
Galicia	1.719,5	1.782,5	1.623,9	1.671,0	1.659,7	1.698,5	1.784,9	1.613,8
Madrid	1.716,5	1.764,1	1.628,9	1.654,4	1.643,3	1.697,6	1.757,2	1.618,4
Murcia	1.728,7	1.733,8	1.602,5	1.652,9	1.647,5	1.721,8	1.748,6	1.591,8
Navarra	1.666,9	1.739,8	1.538,6	1.603,7	1.605,5	1.653,5	1.719,0	1.555,6
Pais Vasco	1.628,9	1.699,0	1.539,5	1.581,5	1.581,9	1.625,5	1.704,2	1.542,1
Rioxa (A)	1.711,3	1.742,6	1.584,6	1.646,7	1.627,5	1.703,4	1.768,4	1.548,4
Total	1.695,6	1.761,0	1.607,6	1.646,2	1.638,5	1.689,7	1.758,5	1.598,6

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Encuesta de Coyuntura Laboral

2.1.20.

2004 ata as 1.613,8 horas do último ano. Esta cifra sitúa a Galicia como a cuarta comunidade autónoma con maior xornada media efectiva por traballador, tras Canarias, Baleares e Madrid (**cadro 2.1.20.**).

A xornada media pactada en 2005 –tense en conta só os convenios que a regulan de xeito anual– permanece practicamente constante en Galicia (3,8 horas máis que en 2004), acadando as 1.766,5 horas. Seguindo a tendencia de anos anteriores, a xornada en convenios de empresa é máis reducida que nos de sectores (1.724,0 horas e 1.768,6 horas, respectivamente). O sector agrario pactou unha xornada media de 1.768,7 horas, en tanto que no caso dos sectores non agrarios, a xornada media pactada máis elevada corresponde ao sector servizos, con 1.792,6 horas.

No concernente á **regulación de emprego**, o número de expedientes de regulación de emprego autorizados en Galicia no ano 2005 medrou nun 14,3%, acadando os 384 expedientes, 48 máis que no ano precedente. Con esta medra, o número total de traballadores afectados practicamente se duplicou, acadando os 4.809 traballadores, dos que 2.596 (o 54,0%) sufriron unha suspensión do emprego e 2.213 traballadores (o 46,0%), unha rescisión do seu contrato.

Tralo forte incremento rexistrado na provincia de A Coruña, **cadro 2.1.22.**, esta é a que presenta o maior número de traballadores afectados polos devanditos expedientes, con 2.564 traballadores (53,3%), seguido de Pontevedra, con 1.562 expedientes. Comparado co ano anterior, tan só Lugo rexistrou unha caída no número de traballadores afectados (27 traballadores menos).

En relación á **conflictividade laboral**, o **cadro 2.1.23.** amosa, a diferenza do acontecido en 2004, un forte descenso do número de traballadores participantes nas folgas así como das xornadas non traballadas. O número de traballadores participantes situouse en 2005 nos 4,2 miles de persoas (49,3 miles de traballadores menos que no ano anterior) e o das xornadas non traballadas, en 17,5 miles de xornadas (127,1 miles de xornadas menos). Cómpre salientar que as catro provincias galegas presentaron esta mesma tendencia.

No que atinxe á actividade dos órganos xestores dos diferentes sistemas autonómicos de solución extraxudicial de conflitos laborais, o **cadro 2.1.24.** amosa que o número de conflitos nos que se interveu en Galicia medrou en 2005 ata os 50 (14 máis que no ano anterior), dos que corenta e cinco corres-

Xornada media pactada na negociación colectiva 2004-05

2004					
Xornada media (1)	Sectores económicos				
	Agrario	Industria	Construcción	Servizos	
	(en horas/ano)				
Total convenios	1.762,7	1.765,1	1.761,5	1.750,0	1.787,9
Convenios de empresa	1.728,4	1.765,1	1.725,8	1.750,0	1.736,4
Convenios de sector	1.766,4	-	1.772,1	1.750,0	1.791,8
2005					
Xornada media (1)	Sectores económicos				
	Agrario	Industria	Construcción	Servizos	
	(en horas/ano)				
Total convenios	1.766,5	1.768,7	1.767,1	1.748,3	1.792,6
Convenios de empresa	1.724,0	1.768,7	1.731,7	1.748,0	1.706,8
Convenios de sector	1.768,6	-	1.771,6	1.748,3	1.797,3

(1) Só se tiveron en conta os convenios que se regulan de xeito anual

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, Informe sobre a negociación colectiva galega

2.1.21.

Expedientes de regulación de emprego nas CC.AA. 2004-05: expedientes autorizados e traballadores afectados

	Exped. autorizados		Traballadores afectados							
	2004	2005	Total		Medidas de extinción		Medidas de suspensión		Medidas de reducción	
			2004	2005	2004	2005	2004	2005	2004	2005
Andalucía	602	393	3.362	5.139	1.817	3.313	1.541	1.818	4	8
Aragón	148	130	2.021	2.972	962	1.040	1.056	1.917	3	15
Asturias	188	165	2.444	4.789	992	3.357	1.437	1.383	15	49
Baleares	77	56	1.317	640	466	301	829	339	22	-
Canarias	111	122	1.407	1.800	223	508	1.184	1.289	-	3
Cantabria	95	143	1.909	2.371	723	482	1.186	1.887	-	2
Castela-A Mancha	201	123	2.130	1.260	852	810	1.271	441	7	9
Castela e León	374	290	2.750	3.571	1.798	2.185	852	1.356	100	30
Cataluña	565	512	10.631	14.169	7.782	8.168	2.756	5.941	93	60
C. Valenciana	619	661	9.532	11.785	4.310	3.458	5.092	7.863	130	464
Extremadura	64	41	337	350	202	104	55	180	80	66
Galicia	336	384	2.469	4.809	802	2.213	1.651	2.596	16	-
A Coruña			738	2.564	271	1.647	451	917	16	-
Lugo			351	324	180	66	171	258	-	-
Ourense			148	359	89	319	59	40	-	-
Pontevedra			1.232	1.562	262	181	970	1.381	-	-
Madrid	298	263	6.320	5.666	5.287	4.779	1.020	851	13	36
Murcia	131	135	1.021	2.799	587	821	434	1.911	-	67
Navarra	138	109	5.098	3.200	996	605	4.102	2.595	-	-
País Vasco	407	417	6.873	6.965	3.214	2.513	3.634	4.411	25	41
Rioxa (A)	45	28	649	273	150	249	482	24	17	-
Ceuta e Melilla	6	5	6	5	6	5	-	-	-	-
Total	4.405	3.977	60.276	72.563	31.169	34.911	28.582	36.802	525	850

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Boletín de Estadísticas Laborales

2.1.22.

Repercusión das folgas 2004-05: traballadores participantes e xornadas non traballadas

	2004		2005	
	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas
	(en miles)			
Andalucía	139,5	77,2	50,3	73,6
Aragón	1,0	7,1	4,6	19,0
Asturias	10,5	34,7	5,2	12,7
Baleares	0,7	1,0	0,5	0,5
Canarias	0,3	0,7	6,7	27,7
Cantabria	6,0	10,4	3,0	23,2
Castela-A Mancha	5,3	12,2	4,4	21,1
Castela e León	4,2	8,3	14,7	28,8
Cataluña	46,8	91,4	115,6	310,6
C. Valenciana	14,0	21,1	6,9	13,4
Extremadura	0,2	1,5	1,4	1,7
Galicia	53,5	144,6	4,2	17,5
A Coruña	26,3	58,1	1,1	7,4
Lugo	6,7	26,8	0,6	1,4
Ourense	8,3	23,6	1,2	3,5
Pontevedra	12,2	36,1	1,3	5,2
Madrid	157,6	200,6	25,4	68,7
Murcia	3,9	5,5	0,9	1,4
Navarra	7,7	13,0	27,8	30,0
País Vasco	103,5	606,1	54,6	105,2
Rioxa (A)	0,9	1,6	4,0	3,6
Ceuta e Melilla	-	-	0,7	0,4
Total	555,6	1.237,0	330,9	759,1

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Boletín de Estadísticas Laborales

2.1.23.

Actividade desenvolvida polos órganos autónomos de solución de conflitos colectivos 2005

	Número conflitos	Conciliación mediación	Arbitraje	Traballadores afectados	Empresas afectadas	Efectividade resolucións conflitos (%)
Andalucía	624	616	8	334.891	21.810	51,8
Aragón	119	118	1	36.960	129	48,0
Asturias	43	43	-	8.500	35	40,0
Baleares	61	60	1	n.d.	n.d.	28,3
Canarias	296	296	-	138.265	279	26,3
Cantabria	108	108	-	35.137	354	47,7
Castela e León	235	235	-	73.568	2.856	48,7
Castela-A Mancha	154	151	3	43.376	5.575	54,0
Cataluña	705	663	42	114.141	1.568	56,0
Extremadura	37	37	-	10.105	1.257	61,7
Galicia	50	45	5	16.331	2.302	65,9
Madrid	459	459	-	330.633	972	44,2
Murcia	86	86	-	119.943	15.300	43,6
Navarra	34	34	-	n.d.	n.d.	14,8
País Vasco	344	328	16	91.962	n.d.	32,6
Rioxa, A	7	7	-	1.135	7	-
C. Valenciana	329	323	6	102.014	1.735	32,4
Total	3.691	3.609	82	1.456.961	54.179	45,0

Fonte: CES España, Memoria sobre la situación económica y laboral

2.1.24.

ponderon ás conciliacións-mediacións e cinco, ás arbitraxes. No que atinxe a súa incidencia, estes conflitos referíronse a 16.331 traballadores (o 1,1% do total estatal) e a 2.302 empresas (o 4,2% das empresas afectadas en España).

A efectividade na resolución das conciliacións-mediacións desenvolvidas foi en Galicia do 65,9%, máis de vinte puntos por riba da rexistrada de media en España. Comparada co resto das comunidades autónomas, Galicia volve a ser a comunidade con maior efectividade na resolución dos conflitos. ■